

HOLY SPIDER

Ali Abbasi, 2023

1056

ESTREA EN NUMAX: 13.01.2023 | V.O.S.E. | 117 min

Irán, 2001. Unha xornalista de Teherán mergúllase nos barrios con peor reputación da cidade santa de Mashhad para investigar unha serie de feminicidios. Pronto se dará conta de que as autoridades locais non teñen ningunha présa por resolver o asunto. Os crimes son obra dun só home, que asegura purificar a cidade dos seus pecados e que ataca a prostitutas pola noite

«Un filme nocturno e escuro, ben interpretado e cun ritmo inquietante desde o seu arranque»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



Entrevista con Ali Abbasi: «Dunha ou outra maneira, estiven traballando nela case 15 anos»

Como iraniano que vivía alí en 2001, durante os asasinatos e a posterior detención de Saeed Hanaei, que foi o que máis che atraeu da súa historia?

Entón tiña un pé en Irán e outro en Europa. Había un presidente de ideas reformistas, Mohammad Khatami, que abriera o espazo político cultural de tal maneira que había unha sensación xeral de optimismo. Pero chegou o 11 de setembro, o atentado das Torres Xemelgas e os crimes de Saeed e aínda que estes dous acontecementos non tiveron relación algunha, era como cando non es capaz de distinguir entre realidade e ficción. Ao comezo non me chamaba nada atención, pois os asasinatos en serie non son algo exclusivo de Irán. O meu interese chegou cando empezaron a referirse a el como un heroe, dicindo que estaba cumprindo o seu deber relixioso asasinando prostitutas en Mashhad. Matara moitas mulleres e aí estaba a xente, debatendo se fixera algo mal ou non.

Que foi o que máis che impactou desta historia? Vira o documental de 2002 de Maziar Bahari *And along came a spider* despois de que detiveran a Hanaei e encontreime simpatizando co asasino dunha forma estraña. Esperaba atoparme cunha especie de asasino como o d'*O silencio dos cordeiros* (Jonathan Demme, 1991), pero Saeed tiña carisma e presentábase dunha forma un tanto inocente. Como non tiña experiencia dirixíndose aos medios de comunicación, dixo a cámara cousas que ían na súa contra pero parecía feliz e en paz polos crimes cometidos. Non era unha persoa manipuladora, máis ben un tipo honesto. Non quero dicir con isto que aprobe o que fixo, pero a miña forma de velo, fixo que a historia e o personaxe foran máis complicados de crear do que eu esperaba.

A historia vólvese aínda máis dramática ao introducir unha xornalista de Teherán que viaxa a Mashhad a investigar os crimes... A personaxe de Rahimi dalgunha maneira xa existía. No documental de Maziar Bahari hai unha xornalista que fala a cámara sobre o caso e tamén entrevista a Saeed. Aínda que ela é de Mashhad, non se dedicou a investigar os crimes, senón que soamente cubriu o xuízo e escribiu un texto excelente sobre a súa execución que foi o que me inspirou. Escribiu que as súas últimas palabras foron “este non era o trato” dando a entender que quizais houbera algunha especie de pacto coas autoridades.

Como vai evolucionando co paso do tempo a túa propia versión da historia?

Dunha ou outra maneira, estiven traballando nela case 15 anos. Os primeiros borradores seguían a historia fielmente, pero despois comecei a preguntarme pola razón pola que estaba escribindo aquel guión. Co tempo concedinme a licenza de desviarme un pouco, porque sabía que non era unicamente a historia de Saeed, senón máis ben sobre a misoxinia.

Falemos da araña do título... Ten un dobre significado. A prensa iraní referíase a Saeed como “Spider Killer” porque atraía as vítimas cara a súa rede, que a cotío era o seu propio apartamento. A metáfora saíu de aí. Pero cando voei a Mashhad, desde o avión, vin o famoso santuario no centro da cidade e tiña o aspecto dunha tea de araña. Seed probablemente o visitaba a cotío, e moitas das súas vítimas serían do vecindario pollo que a idea de el mesmo saíndo desa rede e levando as súas vítimas cara a escuridade, foi collendo máis e máis forza.